



Recomendación dirixida á Comisión Interuniversitaria de Galicia para que atenda as peticións de copia dos exames solicitadas polos alumnos no marco de probas de acceso á universidade

Expediente: D.3.Q/23930/17

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

Sr. presidente:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] nai de [REDACTED] referente ao seu desacordo co proceso de revisión da proba de Bioloxía na ABAU de xuño de 2017.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que non foi satisfeita, totalmente, a súa demanda de ver o exame. Á súa filla impedíuselle que ningún dos seus pais a puidesen acompañar para á revisión do exame desta materia. Por outra parte, non foi satisfeita, en absoluto, a súa demanda de obter copia do expediente da súa filla no relativo á materia de Bioloxía nesa convocatoria das probas de avaliación para o acceso á universidade.

Ante iso requirimos informe a esa Comisión Interuniversitaria de Galicia, que xa nolo remitiu.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da CiUG, cómpre analizar as dúas cuestións que se promoven ante esta institución.

1. Sobre a presenza dos pais ou nais xunto co alumno ou alumna no momento de revisar os seus exames, o criterio que aplica a CiUG deriva, segundo a interpretación que fai esa Comisión, da propia Orde do 24 de marzo de 2011. Ao referirse ao “estudiante”, á CiUG entende que é unha única persoa e que a condición de interesado a ostenta o alumno pero, sendo menor de idade, o pai ou a nai –que teñen a súa representación legal como titulares da patria potestade– poden realizar ese acto de revisión no seu nome, unha vez acreditado o vínculo de parentesco. Se o alumno é maior de idade, se lle recoñece dereito de acceso aos documentos ao alumno, que é quen ten a condición de interesado. Neste punto, non hai, por parte da CiUG, ningunha actuación lesiva de dereitos xa que se cumpre o que está establecido na lexislación aplicable a esta materia.

Porén, nada dí o informe da CiUG sobre a entrega da copia do exame, á que a alumna ten dereito. Respecto desta cuestión, cómpre reiterar as consideracións realizadas co gallo do expediente de queixa D.3.Q/12563/16.

1. No suposto exposto, o artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas regula o dereito á obtención de copias como parte do dereito de acceso, que corresponde a todos os cidadáns nas súas relacións coas administracións públicas.

Este criterio relativo ao dereito a obter copias dos documentos obrantes nos procedementos nos que teñan a condición de interesados é un principio esencial das leis de transparencia, tanto a estatal como a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Orde do 24 de marzo de 2011 non exclúe o dereito de obter copias das probas e exercicios dos alumnos, en exercicio do dereito de acceso que no mesmo contéplase. A previsión de que o acceso aos referidos documentos producírase na propia sede da CiUG, fundada na responsabilidade que esta asume en orde á custodia dos documentos orixinais que serven de base á cualificación dos alumnos, en ningún caso pode interpretarse nun sentido limitativo do contido do dereito definido no artigo 53 da Lei 39/2015, citada.

3. Non existe, por outra banda, precepto algún nas leis educativas que permita deducir que a ausencia de previsión expresa no precepto mencionado deba interpretarse atribuíndo ao mesmo unha intención restritiva do contido do dereito de acceso no ámbito académico, privando a quen o exerce da posibilidade de obter copia dos documentos examinados, que si poden obter noutros ámbitos, nin tampouco precepto que encomende a un desenvolvemento regulamentario posterior a determinación de peculiaridades restritivas referidas ao contido do citado dereito nese ámbito.

4. Desde o momento en que Real Decreto 412/2014, do 6 de xuño (BOE do 7 de xuño) polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión aos ensinos universitarios oficiais de Grao non establece expresamente unha regulación restritiva do dereito para obter copias dos exames, nin existe base nas leis educativas para interpretalo no tal sentido limitativo, nin existe na Orde do 24 de marzo de 2011 a limitación pretendida, debe interpretarse en termos acordes co artigo 53 da Lei 39/2015, e entenderse que son de plena aplicación no ámbito académico as prescricións da citada lei, na que se determina o contido do dereito de acceso, facéndoo extensivo ao dereito a obter copias dos documentos aos que accedesen os alumnos.

Pronunciamentos contidos en diversas sentenzas da orde contenciosa-administrativo, recaídas en supostos similares ao exposto, indican que, a xuízo dos correspondentes órganos xurisdicionais, o dereito de calquera cidadán para acceder á documentación administrativa non atopa outro límite que o interese lexítimo do solicitante. A documentación á que ten dereito a acceder por imperativo legal é aquela que revista interese para o alumno por afectarlle de modo inmediato como é o caso das cualificacións e valoracións. Os mesmos tribunais entenden que a lei reguladora do procedemento administrativo, a que xa se fixo referencia, resulta de aplicación supletoria naqueles aspectos aos que non se estendan as normas procedimentales específicas; e, en concreto, consideraron que resulta de plena aplicación no ámbito académico o precepto que contempla o dereito para obter copia dos documentos contidos nos procedementos, xa que, ao seu entender, o dereito para dispoñer de fotocopia do exame realizado constitúese nun elemento de valoración básico para que o interesado poida concluír sobre a razoabilidade de formular as alegacións que ao seu dereito conveñan.

É claro que o alumno ten acreditado un interese lexítimo e directo, non concorren razóns de interese público, non existen intereses de terceiros máis dignos de protección, nin lei que dispoña o contrario. Igualmente trátase dunha petición individualizada de documentos.

Os anteriores razoamentos e doutrina jurisprudencial contéñense na resolución do devandito expediente de queixa D.3.Q/12563/16, que foi aceptada pola CiUG no mes de outubro de 2016.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, reiterar á Comisión Interuniversitaria de Galicia a seguinte **recomendación**:

Que en adiante, a Comisión Interuniversitaria de Galicia resolva en sentido positivo e de maneira acorde co establecido no artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as peticións que se lles formulen polos alumnos de copia dos exames realizados no marco das probas de acceso á universidade, en todas as súas modalidades.

Que respecto do procedemento iniciado pola persoa que promoveu queixa ante esta institución, no caso de que non se tivera realizado ata agora, se lle facilite a copia solicitada do exame ao que se refire esta queixa, en aplicación da mesma previsión normativa.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo